



'NATURE' ■ Asíciase co maior número de plaquetas circulantes que se observa na poboación do vello continente, non na asiática nin africana

A xenética europea predispón un 15% máis para o infarto

A poboación de orixe europea ten unha característica xenética no sangue que incrementa ata nun 15 por cento a posibilidade de sufrir un infarto agudo de corazón, segundo un estudo dun consorcio internacional de científicos, do que forma parte o Instituto de Investigación Médica de Barcelona.

A característica hematolóxica asociada cun maior número de plaquetas circulantes e, xa que logo, a un maior risco de infarto de miocardio, obsérvase só na poboación europea, non na de orixe asiática ou africana, explicou a EFE Roberto Elosúa, coordinador do grupo de Investigación en Epidemiología e Xenética Cardiovascular do IMIM.

Para Elosua, un dos autores deste traballo que onte publicou a revista *Nature Genetics*, o feito de que esta relación só se produza na poboación de orixe europea pode deberse a cuestións xenéticas de evolución ou de selección natural.

O estudo é froito do traballo do consorcio internacional HaemGen centrado en identificar elementos xenéticos asociados a diferentes características do sangue: a concentración de hemoglobina, o número de células vermellas, bran-

cas ou as plaquetas. Algunhas destas variables son esenciais no funcionamento normal do organismo, como o transporte e achegue de osíxeno ás células (hemoglobina e células vermellas), a defensa ante infeccións (células brancas) ou a formación de coágulos que evitan que se perda moito sangue se hai unha ferida (grazas ás plaquetas).

Anteriores estudos xa vinculaba un maior número de células brancas cun maior risco de infarto de miocardio ou que o número das plaquetas é un factor moi importante na formación do coágulo de sangue que obstrúe a arteria e pode chegar a causar un infarto agudo.

“Sabemos que cando unha persoa sofre un infarto agudo de miocardio é porque ten un coágulo de sangue, directamente relacionado co funcionalismo das plaquetas”, recalca Elosua.

Elosua indica que os pasos seguintes pasan por identificar as características xenéticas que explican as asociacións observadas coas parámetros sanguíneos e co exceso de risco de infarto. Isto suporía un paso moi útil á hora de deseñar novas dianas terapéuticas e fármacos. ● EFE